

E.- Agricultura tradicional / Agr. evolucionada ou moderna

E.1.- Fai un cadro, seguindo o modelo, que **compare** a agricultura tradicional coa agricultura evolucionada produtivista e ecolóxica.

AGRICULTURA	TRADICIONAL	PRODUTIVISTA	ECOLÓXICA
Típica de países...			
Os sistemas de cultivo son...			
Man de obra ocupada			
Rendementos e orientación da produción			
A propiedade da terra soe ser...			
A inversión de capital é...			

AGRICULTURA

TRADICIONAL

Típica de países...

- Practícase en **países non desenvolvidos** e zonas máis atrasadas do mundo (África, SE de Asia e América Latina).

Os sistemas de cultivo son...

- **Útiles moi rudimentarios**: sachos, fouces, arado tirado por animais...
- **Non utilizan abonos** ou **empregan abonos naturais**.
- Na maioría dos casos é unha **agricultura extensiva**, que fai uso do **barbeito**, agás no caso do **arrozal asiático**.
- Predomina o **policultivo** e soe ir **asociada á gandería**.

Man de obra ocupada

- **Moitos campesiños con pouca formación**.

Rendementos e orientación da produción

- As **colleitas soen ser escasas** a pesar do traballo do campesiño, polo que a poboación soe estar mal alimentada.
- É unha **agricultura de subsistencia** ou **autoconsumo**, no caso de ter excedentes véndense no mercado local.



AGRICULTURA


TRADICIONAL

A propriedade da terra soe ser...

- Pode ser individual ou colectiva.

A inversión de capital é...

- Pouca inversión de capital.





Agricultura tradicional



AGRICULTURA

AGR. EVOLUCIONADA PRODUTIVISTA

Típica de países...

- Practícase nos **países desenvolvidos** (Europa, América do Norte, Australia, Arxentina...) e nas **plantacións da zona intertropical**.

Os sistemas de cultivo son...



- Uso de **máquinas**: tractores, segadoras, sementadoras...
- **Emprego** masivo de **abonos artificiais** ou **químicos, pesticidas, herbicidas**... (produce moitos residuos tóxicos que contaminan o medio).
- Na maioría dos casos é unha **agricultura intensiva**.
- Predomina o **monocultivo** especializado.
- É unha **agricultura científica**, que utiliza novas técnicas e selecciona as sementes.

Man de obra ocupada

- En xeral **poucos campesiños**, que soen ter un **elevado grao de preparación** técnica e científica.

Rendementos e orientación da produción

- Cultivan sempre o mesmo e **teñen boas colleitas**, pero a terra remata agotada de tanto producir.
- É unha **agricultura comercial** ou **de mercado**, pois a gran maioría da colleita adícase á venda, tanto no mercado nacional como internacional.

AGRICULTURA


AGR. EVOLUCIONADA PRODUCTIVISTA

A propiedade da terra soe ser...

- Na maior parte dos casos é **privada**, pero ás veces atópase nas mans de **grandes empresas capitalistas ou multinacionais**.

A inversión de capital é...

- **Gran inversión de capital** para mellorar os sistemas de cultivo, renovar a maquinaria, mercar fertilizantes...





Cultivos hidropónicos

Agr. de mercado productivista



Invernaderos en Almería

AGRICULTURA

AGR. EVOLUCIONADA ECOLÓXICA

Típica de países...

- Ocupa menos do 1% da superf. agrícola mundial, pero está a medrar en todos os continentes.

Os sistemas de cultivo son...



- Uso **técnicas respectuosas co medio**, polo que non usa abonos químicos.
- Fai uso de **fertilizantes orgánicos e rotación de cultivos** para evitar o esgotamento do solo.
- Para combater as pragas usa **métodos naturais** e non praguicidas químicos.

Man de obra ocupada

- Require **máis traballo** que a agr. produtivista, polo que a **man de obra é máis numerosa**.

Rendementos e orientación da produción

- A produción é **moderada e máis cara**, pero **máis variada e de maior calidade**.

A propiedade da terra soe ser...


- Na maior parte dos casos é **privada**, individual ou en mans de cooperativas.

A inversión de capital é...

- **Inversión media de capital**



Superficie de agricultura ecológica (ha) por tipo de cultivo. Año 2013 - España



España é o país europeo con maior superficie de agricultura ecolóxica.

